

**RELACIÓNS
INTERNACIONAIS NA
DÉCADA DE 1930**

As fronteiras do ano 1914 non teñen ningún significado para o noso porvir. Non nos protexeron no pasado non aumentarán o noso poder no futuro. Non lle darán á nación alemana solidariedade interna nin lle subministran alimentos; desde o punto de vista militar, non son axeitadas, nin tan só satisfactorias, nin mellorarán a nosa situación actual respecto doutras potencias mundiais.

Ningunha nación da terra posúe un só metro cadrado de territorio concibido polo ceo. As fronteiras trázanse e modifícanse só de acordo coa vontade humana. O feito de que unha nación consiga adxudicar para si un territorio que non lle pertencía, non é ningunha razón para respectala; proba, sinxelamente, o poder do vencedor e a debilidade dos perdedores. Este poder é a única cousa que dá dereito á posesión.

HITLER, A., *Discurso*, 1927.

A VOLTA Á TENSIÓN (1929-1935)

EXPANSIONISMO XAPONÉS: MANCHURIA

- Crecemento demográfico de Xapón
- Movementos nacionalistas partidarios de ocupar territorios
- Substitución da política de expansión pacífica pola expansión imperialista militar
- Ocupación de Manchuria (1931) co pretexto de protexer o ferrocarril controlado por Xapón desde 1905
 - ↳ Estado títere (MANCHUKUO)
 - Protectorado de Xapón
 - Impotencia da SDN
 - Transixencia das potencias para evitar a guerra

1931: Xapón ocupa Manchuria

Creación do Estado títere de Manchukuo



ALEMAÑA COMEZA A EXPANSIÓN TERRITORIAL

- 1930-32: Política exterior revisionista e de gran potencia
- 1933: Hitler chanceler
 - Relación do expansionismo co antisemitismo, antieslavismo e anticomunismo.
 - ↳ Construción dun *Lebensraum* (ESPАЗO VITAL)
- Proxecto universalista ⇒ Alemaña dirixiría un Imperio
- 1934: Hitler presidente do III Reich ⇒ Interese pola política exterior
- Alemaña autoexclúese de anteriores compromisos e abandona a SDN
- 1932-33 → Rearme clandestino ata 1935
 - Hitler denuncia as cláusulas militares de Versalles
 - Restablecemento do servizo militar obrigatorio
- 1934: Intento de *Anschluss* ⇒ Fracaso (escaso apoio popular)
- 1935: Plebiscito no Sarre decide a integración a Alemaña

A POLÍTICA DE GRANDEZA ITALIANA

- 1932: Mussolini asume o Ministerio de Asuntos Exteriores
 - ↳ A política exterior instrumento de política interior
 - ↳ Reforzamento de Mussolini e do fascismo
- Actuacións dentro do equilibrio europeo:
 - 1933: Pacto das 4 Potencias (Italia, Alemaña, Gran Bretaña, Francia)
 - 1935: Alianza antixermana (Italia, Gran Bretaña, Francia) en Stressa polo intento de *Anschluss*
- 1932: Preparativos de invasión de Etiopía desde Somalia
 - ↳ 1936: Toma de Addis-Abeba → Sancións económicas da SDN
 - ↳ Rexeitamento británico sen facer fronte ao desafío

O PERIODO DE PREGUERRA (1936-1939)

EXPANSIONISMO ALEMÁN EN EUROPA

- 1936: Ocupación da zona desmilitarizada de Renania
 - ↳ Francia non reacciona e resposta británica limitada
- III-1938: Invasión e anexión de Austria (*Anschluss*)
 - ↳ Consentimento de Mussolini
 - ↳ Protesta diplomática de Gran Bretaña
- 1938 → Desestabilización de Checoslovaquia polo Partido Nazi
 - ↳ **CONFERENCIA DE MUNICH:** Francia, Italia, Gr.Br., Alemaña (Ausentes: URSS, Checoslovaquia)
 - × Acceden ás reivindicacións de Alemaña: Ocupación dos Sudetes
 - × Precaria situación en Checoslovaquia
- Aceleración do programa de rearme alemán
- 1939 → Alemaña ocupa Bohemia e Moravia (Chequia)
- Francia e Gran Bretaña dispostos a garantir a independencia de Polonia
- 23-VIII-1939 → **Pacto Xermano-Soviético** de Non Agresión
- 1-IX-1939 → Alemaña invade Polonia e a URSS ocupa Polonia Oriental

Estamos superpoboados e non podemos alimentarnos cos nosos propios medios.

No que respecta á demanda de alimentos, esta non pode ser satisfeita desde o interior da economía alemana.

A solución reside na extensión do “espazo vital”. Esta é a tarefa do mando político para resolver este problema.

Polo tanto, establezo o seguinte programa para a solución definitiva á nosa crecente necesidade de sobrevivir:

- Alemaña debe ser levada politicamente e economicamente a un estado de autosuficiencia.**
- O exército alemán debe estar preparado para loitar no prazo de catro anos.**
- En catro anos a economía alemana debe estar en condicións de soportar a guerra.**

A. HITLER, *Memorando secreto*, Agosto 1936.

Alemaña e a SDN

Nós non formamos parte da Sociedade de Nacións, porque non cremos que sexa unha institución ao servizo do dereito, senón máis ben unha organización para a defensa da inxustiza do Tratado de Versalles.

Nós xa hai tempo que temos abandonado a SDN porque, conforme a súa orixe e as súas obrigacións, negounos o dereito á igualdade de armamento e, por conseguinte, á igualdade na seguridade. Non volveremos nunca máis porque non temos intención de deixarnos encadear á defensa da inxustiza pola decisión dunha maioría da SDN.

Non estamos dispostos a intervir a favor de intereses económicos ou territoriais doutros sen que haxa á vista a menor vantaxe para Alemaña. Por outra parte, nós non esperamos un apoio tal doutros pobos; ao contrario, supoñemos a priori que teremos que facer fronte nós mesmos aos problemas.

HITLER, A., *Discurso no Reichstag*, 20 febreiro 1938.

FORMACIÓN DO EIXE TOTALITARIO

-1936 → **EIXE BERLÍN-ROMA**

→ Apoio a Franco na Guerra Civil española

→ Cambio da política de Italia sobre Austria

- 1937 → **PACTO ANTI-KOMINTERN** → Xapón, Alemaña (+ Italia e España)

- 1938 → Hitler reconece a posición hexemónica de Xapón en Oriente

- proxecto de VON RIBBENTROP ⇒ Crear alianzas contra o Imperio Británico

↳ Obxectivo: ameazar as posicións británicas

- 1939 → O Pacto Xermano-Soviético provoca a saída de Xapón do Pacto Anti-Komintern

- 1939 → **PACTO DE ACEIRO** de Alemaña con Italia (Italia declara non estar disposta para unha guerra)


Un pobo viril leva a cabo a súa propia seguridade dentro das fronteiras de seu. Nós non esqueceremos nunca que a sociedade de Nacións organizou unha agresión contra o pobo italiano. Intentou impedir o noso esforzo militar opoñéndose á obra civilizadora que levamos a cabo a 4.000 km da nai patria.

Unha gran nación conquistou, estes últimos anos, a simpatía do pobo italiano: falo de Alemaña. As conversas de Berlín deron como resultado un acordo entre estes dous países. Alemaña non se adhire ás sancións da Sociedade de Nacións e reconece de feito o Imperio Italiano.

Os nosos obxectivos son os seguintes: paz con todo o mundo, pero paz armada. Así pois, o noso programa de armamento aéreo, marítimo e terrestre será seguido puntualmente.

MUSSOLINI, B., *Discurso*, 1936.

1936: Eixe Berlín-Roma



Intervención na Guerra de España



Algúns son da opinión de que a intervención na Guerra de España non pode xustificarse porque impide que dediquemos todas as nosas forzas á realización de obras importantes. Somos da opinión contraria. Consideramos que a nosa intervención en España, non só era desexable, senón que cómpre intensificala.

As nosas experiencias en España foron enormemente importantes. Desde o punto de vista político, Italia demostrou coa súa audacia ata que punto era doado intimidar a Francia e Inglaterra. Nisto baséase o supremo significado da nosa intervención en España.

VON REICHENAU, *Declaracións á prensa*, novembro 1938.

1936: Pacto Anti-Komintern



Xapón e Alemaña (1936)
+ Italia, España



O Goberno Imperial do Xapón e o Goberno alemán, considerando que o obxectivo da Internacional Comunista, coñecida co nome de Komintern, é a destrución dos Estados existentes por todos os medios ao seu alcance e o exercicio da violencia contra os mesmos; convencidos de que permitir a inxerencia da Internacional Comunista nos asuntos internos das nacións, non só pon en perigo a súa paz interior e o seu benestar social, senón que constitúe ademais unha ameaza para a paz xeral do mundo; desexosos de cooperar entre si para defenderse contra as actividades subversivas do comunismo, conveñen o seguinte...

Preámbulo do Pacto Antikomintern

Expansionismo alemán en Europa



A comunidade racial alemana comprende 85 millóns de homes que, tendo en conta o número deles e a estreitura das terras habitadas en Europa, forman o grupo racial máis repregado sobre si mesmo. Só a violencia pode ofrecer unha solución ao problema alemán. O equipamento do exército de terra, da mariña de guerra e da aviación, así como a formación dos oficiais están case rematados. O equipamento e o armamento son modernos pero se agardamos, existe o risco de que queden anticuados. Se non intervimos de aquí a 1943-1945 a crise de alimentación pódese sentir. O noso obxectivo número un consiste en abater dun só golpe a Checoslovaquia e Austria.

**Conferencia celebrada na Chancelería do Reich, 5
novembro de 1937.**

Marzo 1938: *Anschluss*

Invasión e anexión de Austria



Alemaña, sen ter en conta o pasado, asinou un pacto de non agresión con Polonia... Nós respectámolo incondicionalmente... Recoñecemos a Polonia como o lar dun pobo grande e consciente.

Alemaña nin intenta, nin desexa, inmiscuirse nos asuntos internos de Austria, nin anexionar Austria, nin levar a cabo un Anschluss.

HITLER, A., *Discurso*, maio 1935.

Creo que foi vontade de Deus enviar un mozo de aquí ao Reich para deixalo crecer alí, para alzalo ata ser o xefe da nación, capacitándoo así para reincorporar a súa patria nativa ao Reich.

Eu quixera agora darlle as grazas a El que permitiu a miña volta á patria nativa para que puidera agora conducila ao meu Reich Alemán! O día de mañá cada alemán recoñecerá a hora e medirá a súa importancia, e inclinarase humildemente ante o Altísimo, que en poucas semanas obrou tal milagre en nós!

HITLER, A., *Discurso*, 1938.



13. MÄRZ 1938
EIN VOLK EIN REICH
EIN FÜHRER

30-IX-1938: Conferencia de Munich





As catro potencias, Alemaña, Reino Unido, Francia e Italia, ao consideraren o acordo que xa se obtivo para a cesión a Alemaña das terras alemanas dos Sudetes, acordaron...

Art. 1. A evacuación comezará o 1 de outubro.

Art. 2. O Reino Unido, Francia e Italia acordan que a evacuación do territorio remate o 10 de outubro, sen que ningunha das instalacións existentes sexa destruída.

Art. 3. As condicións que deberán regular a saída serán definidas polo miúdo por unha comisión internacional composta por representantes de Alemaña, Reino Unido, Francia, Italia e Checoslovaquia.

Art. 4. A ocupación gradual do territorio predominantemente alemán por parte do exército xermano comezará o 1 de outubro.


Art. 5. A comisión internacional determinará os territorios nos que se deberá efectuar un plebiscito, terras que serán ocupadas por corpos internacionais ata que o plebiscito remate. Fixará as condicións nas que se desenvolverá o plebiscito, tomando como base as condicións do plebiscito do Sarre.

PACTO DE MUNICH, 1938.




**Todo está consumado. Silenciosa,
lúgubre, abandonada e rota,
Checoslovaquia afúndese na
sombra. Non podo admitir que o
noso país poida caer baixo o
poder da ameaza nazi e baixo a
súa influencia. E non vaiades a
crer que isto é o final. Non, isto
non é máis que o comezo dun
axuste de contas. Non é máis que
o primeiro trago, o sabor
anticipado dunha copa amarga
que se nos tenderá ano tras ano a
menos que, recobrando a nosa
saúde moral e a nosa forza militar,
nos poñamos en pé para defender
a liberdade como noutros tempos.**

**W.CHURCHILL, *Discurso ante a
Cámara dos Comúns*, 1938.**



'Remember . . . One More Lollypop, and Then You All Go Home!'



Dr. Seuss © 1941



1939: Pacto de Aceiro

O Chanceler do Reich Alemán e a S.M. o Rei de Italia cren chegado o momento de confirmar cun pacto solemne os lazos de estreita amizade e solidariedade que existen entre a Alemaña Nationalsocialista e a Italia fascista.

No caso de que unha das partes fose ameazada desde o exterior, a outra parte contratante prestará á parte ameazada o seu pleno apoio político e diplomático co fin de eliminar tal ameaza.

Se unha delas se vise envolta en complicacións bélicas a outra parte porase inmediatamente ao seu lado como aliada e prestaralle apoio con todas as súas forzas militares por terra, mar e aire.



Pacto xermano-italiano, Berlín, 22-V-1939.

23-VIII-1938: Pacto xermano-soviético de Non Agresión



O Goberno do Reich alemán e o Goberno da Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas chegaron ao seguinte acordo:

- Art. 1. As dúas partes contratantes esfórzanse en absterse de todo acto de violencia e de toda manobra agresiva, e de todo ataque dunha contra outra.**
- Art. 2. No caso de que unha das dúas partes contratantes fose obxecto de agresións militares por parte dunha terceira potencia, a outra parte comprométese a non prestar apoio de ningún tipo a esa terceira potencia.**
- Art. 3. Os gobernos das dúas partes contratantes permanecerán en adiante en contacto para consultárense e informárense mutuamente dos problemas referidos aos seus intereses comúns.**
- Art. 4. Ningunha das dúas partes contratantes poderán estar en ningunha asociación de potencias dirixida –directa ou indirectamente- contra a outra parte.**
- Art. 5. Se xurdisen dificultades ou conflitos entre as partes contratantes sobre cuestións de calquera natureza, as dúas partes contratantes resolverán diferenzas ou conflitos pola vía dun cambio de impresións amigable, ou se fose necesario, polo recurso a comisións de arbitraje.**

Pacto xermano-soviético, Moscova, 23 agosto 1939.



1-IX-1939: Invasión de Polonia





1. Esgotados todos os recursos políticos para resolver polo camiño pacífico a inadmisíbel situación de Alemaña na súa fronteira oriental, decidíndome por unha solución extrema.
2. O ataque contra Polonia executárase de acordo coas disposicións previstas para o “Caso Branco”. Data do ataque: 1 outubro 1939. Hora: 4,45. Esta hora tamén é segura para as operacións Gdynia-Baía de Dantzig e a ponte de Drischau.
3. No Oeste convén que a apertura de hostilidades corresponda inequivocamente a Inglaterra e Francia.

HITLER, A., Comandante en Xefe da Wehrmacht, *Orde nº1 para o Mando Estratéxico*, Berlín, 31 agosto 1939.

EL REARME Y EL EXPANSIONISMO NAZI: EL CAMINO HACIA LA II GUERRA MUNDIAL

1936: REMILITARIZACIÓN DE RENANIA

1936-39: INTERVENCIÓN EN LA GUERRA CIVIL ESPAÑOLA

1938: ANEXIÓN DE AUSTRIA (ANCHSLUSS)

1938-39: ANEXIÓN DE CHECOSLOVAQUIA

1939: PACTO GERMANO-SOVIÉTICO

1939: INVASIÓN
DE POLONIA

POLÍTICA DE LOS ALIADOS
G. BRETAÑA Y FRANCIA:
EL APACIGUAMIENTO.

Violación sistemática del Tratado de Versalles



1939: COMIENZO DE
LA II GUERRA
MUNDIAL